

c) Para as faltas moi graves: Multas de 15.001 a 25.000 pesetas, e nos supostos de reincidencia, imponeránse sancións previstas na Lei 42/1975 de 19 de novembro sobre desfeltaos e residuos sólidos urbanos.

#### Artigo 54.

a) Para determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos faltos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grado de Intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan calificarse como atenuante ou agravante.

b) Será calificado de reincidente quen incorra en infracciones das mesmas materias nos doce meses anteriores ás mesmas".

### "ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCION DE ZONAS VERDES"

#### (CONSERVACION E LIMPEZA)

#### Título I.—Disposiciones Xerais

##### Artigo 1.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulamentación da implantación, conservación, uso e disfrute das zonas verdes do Término Municipal, así como dos distintos elementos instalados nelas, procurando a súa mellor preservación por ser ámbitos imprescindibles para o equilibrio do ambiente urbano.

##### Artigo 2.

- a) Para os efectos desta Ordenanza consideraranse zonas verdes os espacios destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións dos plans de ordenación urbana.
- b) Tocante á definición e clase de zonas verdes rexerá o establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello de Ribeira.
- c) En todo caso serán calificadas como zonas verdes, para os efectos desta Ordenanza, as prazas e pequenos xardíns viarios, as alinacións de árbores en beirarrúas e pasados e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

#### Título II.—Implantación de Novas Zonas Verdes

##### Artigo 3.

- a) As novas zonas verdes axustaranse na súa localización establecido nas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico, e nas súas instalacións ás normas específicas sobre normalización de elementos constructivos.
- b) As novas zonas verdes manterán aqueles elementos naturais como a vexetación orixinal existente, cursos de auga ou zonas húmidas, confirmacións topográficas do terreo e calquera outro que conforme as características ecológicas da zona; e que servirán de soporte ós novos podendo converterse, en caso específicos, en condicionantes principais do deseño.

##### Artigo 4.

- a) Tocante á implantación, as novas zonas verdes deberán cumplir as seguintes normas:
  - 1.—Respetaranse todos os elementos vexetais ós que se fa referencia no artigo anterior.
  - 2.—Para as novas plantacións elixiranse especialmente vexetais autóctonos ou compatibles co clima de Galicia.
  - 3.—Non se utilizarán especies que neses momentos estean declaradas expostas a pragas e enfermidades con carácter crónico e que como consecuencia poidan ser focos de infección.
  - 4.—As plantas que se utilicen deberán encontrarse en perfecto estado sanitario, sen golpes nin machacaduras que

poidan resultar infectadas. O seu tamaño deberá serlo axeitado para un desenvolvemento óptimo do vexetal, sen desequilibrios orgánicos que provoquen enfermidades no mesmo ou voícos por debilidade do sistema reticular.

5.—Cando as árbores haxan estar preto das edificacións, elixiranse aquelas que non poidan producir polo seu tamaño ou porte unha perda de iluminación ou soleamiento naqueles, danos nas infraestructuras ou levantamento de pavimentos ou beirarrúas. Para este efecto establecese como norma de obrigado cumprimento a separación mínima de edificios, instalacións e medianeiras de 3 metros para o caso de árbores e 0,50 metros para o das restantes plantas.

b) En calquera caso, os promotores poderán formular consultas ós Servicios Municipais relacionados coa implantación de zonas verdes.

##### Artigo 5.

a) Tódolos traballos en árbores públicas, realizados por Empresas concesionarias, deberán estar baixo o control dos Técnicos Municipais encargados da materia, por medio de especificacións escritas, licencias e inspeccións.

b) As redes de servicios (eléctricas, telefónicas, de saneamento, distribución de auga, etc.) que haxan atravesar as zonas verdes, deberán facelo de forma subterránea, debidamente canalizadas e sinalizadas.

c) As redes de servicios públicos non poderán usarse en ningún caso, para intereses ou finalidade privada. De forma especial prohíbese o uso de auga da rede municipal de rego para xardíns privados.

#### Título III.—Conservación de Zonas Verdes

##### Artigo 6.

Tódolos propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelos en bo estado de conservación, sendo pola súa conta os gastos que iso ocasione.

##### Artigo 7.

Calquera propietario dun inmoble con fachada á rúa e árbores no mesmo, terá a obriga de podalos de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación da vía pública, e impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

##### Artigo 8.

As árbores e arbustos que integren as zonas verdes, serán podados axeitadamente na medida en que a alta densidade operación poida supor un detrimento no vigor vexetal, un aumento da susceptibilidade ó ataque de pragas e enfermidades ou un perigo de caída de pólas secas.

##### Artigo 9.

a) Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía de auga, en concordancia co mantenemento ecolóxico do sistema que favorece a resistencia das plantas a periódicos de seca, empuxes do vento, ataques de criptogamas, etc.

b) A zona verde que posúa recursos propios de auga, será regada con este recursos sempre que isto sexa posible.

##### Artigo 10.

a) Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realizar os oportunos tratamentos fitosanitarios preventivos, pola súa conta, para evitar pragas e enfermidades das plantas desta zona verde.

b) Para o caso de que unha praga ou enfermidade se declare nas plantacións dunha zona verde, o propietario deberá dar ás mésma e pola súa conta, o correspondente tratamento fitosanitario no prazo máximo de oito días, debendo en caso necesario, proceder a suprimir e eliminar estas plantacións de forma inmediata.

**Artigo 11.**

Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán encontrarse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato así como libres de maleza espontánea, nun grado no que non poidan as dúas causas ser causa de infección ou materia doadamente combustible.

**Artigo 12.**

Os titulares de quioscos, bares, etc., que integren nas súas instalacións algúun tipo de plantación, deberán velar polo bo estado das mesmas.

**Artigo 13.**

Cando na realización das redes de servizo se haxa proceder á apertura de regos en zonas axardinadas xa consolidadas, deberáse evitar que estes afecten os sistemas radiculares dos elementos vexetais existentes, debendo restituir ó finaliza-las obras correspondentes, a zona axardinada ó seu estado primitivo, reparando calquera elemento que fora danado.

**Título IV.—Uso das Zonas Verdes****Capítulo I.—Normas Xerais****Artigo 14.**

Tódolos cidadáns tienen dereito ó uso e disfrute das zonas verdes públicas, de acordo co establecido na presente Ordenanza e demás disposicións aplicables.

**Artigo 15.**

Os lugares ós que se refira a presente Ordenanza, pola súa calificación de bens de domínio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que, pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupónan a utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

**Artigo 16.**

Cando por motivos de interese se autoricen nestes lugares actos públicos, deberánse tomar as medidas previas necesarias para que a maior afluencia de persoas ós mesmos non cause detramento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizaciones deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptalas medidas precautorias necesarias.

**Artigo 17.**

a).—Os usuarios das zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nas mesmas, deberán cumplir as instruccions que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes.

b).—En calquera caso, deberán atende-las indicacions que formulen os Axentes da Policía Local e o persoal de Parques e Xardíns.

**Capítulo II.—Protección de Elementos Vexetais****Artigo 18.**

Con carácter xeral, para a boa conservación e manteñemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitiran os seguintes actos:

a).—Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.

b).—Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.

c).—Pisa-lo céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilizarlo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.

d).—Cortar flores, pólas ou especies vexetais.

e).—Talar, apear ou podar árbores sitas en espacios publicos sen a autorización municipal expresa.

f).—Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrinchar as súas cortizas, cravar puntas, atar os mesmos escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicle-

tas, carteis ou calquera outro elemento, gabear ou subir ós mesmos.

g).—Depositar, ainda de forma transitoria, materiais de obra sobre as árbores, ou verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.

h).—Botar en zonas axardinadas lixo, resíduos, cascos, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poida danala plantacións.

i).—Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas para facelo.

**Artigo 19.**

Se nalgún caso é necesario arrincar ou trasladar unha ou varias árbores dun macizo de xardín, pola modificación da superficie pavimentada dunha rúa, o Concello replanteará ou sustituirá estas árbores.

**Artigo 20.**

Tódalas árbores, de calquera rúa, ou propiedade pública, próximas a unha excavación ou construcción de calquera edificio, estructura ou obra na rúa, deberá defendérse con só valado de 1,20 m. de altura e 2,40 m. de lado como mínimo. Todo o lixo, entullo, material de construcción, etc., deberá quedar fóra do valado, deixando exenta a árbore.

**Capítulo III.—Protección de Animais****Artigo 21.**

Para a boa conservación e manteñemento das zonas verdes, así como das lagoas, estanques e fontes existentes nos mesmos, non se permitirán os seguintes actos:

a).—Cazar calquera tipo de animal, así como escoirrenta-las pombas, paxaros e calquera outra especie de ave ou animal, perseguilos ou consentir que os persigan cans ou outros animais.

b).—Pescar, inquedar ou causar dano ós peixes, así como botar calquera clase de obxectos e desperdicios ás lagoas, estanques, fontes e ríos.

c).—A utilización en tales lugares de utensilios ou armas destinados á caza de aves ou outros animais, como tiradores de goma, cepos, escopetas de aire comprimido, etc.

**Artigo 22.**

Os usuarios das zonas verdes non poderán abandonar nestes lugares especies animais de ningún tipo. Cando polas características e circunstancias de determinados animais sexa aceptable a súa doación, esta poderá ser autorizada polo Concello.

**Artigo 23.**

Os cans deberán ir conducidos por persoas e provistos de correas, salvo nas zonas debidamente acoutadas para eles, circulando polas zonas de paseo dos parques, evitando causar molestias ás persoas, achegarse ós xogos infantís, penetrar no céspede, nos macizos axardinados, nos estanques ou fontes, e escoirrenta-las pombas, paxaros e outras aves.

Os seus conductores coidarán de que depositen as súas dexeccións nos lugares apropiados e sempre alonxados das de ubicación de xogos infantís, zonas de nenos, etc.

O propietario do can será responsable do seu comportamento, de acordo coa normativa aplicable.

**Capítulo IV.—Protección do Medio Ambiente**

**Artigo 24.** A protección da tranquilidade e sosiego que integran a propia natureza das zonas verdes, exixe que:

a).—A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas especificadamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:

1.—Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.  
2.—Poidan causar danos e deterioros a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.

3.—Implidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación.

4.—Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.

b).—As actividades publicitarias realizaranse coa expresa e previa autorización municipal.

c).—As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión, poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán abstenerse de atranca-la utilización normal do parque e terán a obriga de cumplimentar tódalas indicacions que lle sexan feitas polos axentes de vixiñanza.

As filmacións cinematográficas ou de televisión, con miras a escenas figurativas, e a colocación ou carrexamento de materiais e instalacións de carácter especial para tales operacións, terán que ser autorizadas dunha forma concreta polo Concello.

d).—As actividades industriais restrinxiranse ó máx. limitándose á venda ambulante de calquera clase de produtos, que soamente poderá efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

A instalación de calquera clase de industrias, comercios, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xelados, etc., requerirá autorización ou concesión administrativa do Concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable disponía en cada caso concreto.

Os concesionarios deberán limitarse á actividade autorizada, sendo responsables das súas extralimitacións e incumprimento das mesmas.

e).—Non sendo nos lugarés especialmente habilitados para o efecto, non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña e vehículos para tal efecto habilitados.

#### Artigo 25.

Nas zonas verdes non se permitirá:

a).—Lavar vehículos, roupas ou proceder ó tendido delas e tornar auga das bocas de rego.

b).—Efectuar inscripcións ou pegar carteis nos valados, soportes de alumbrado público ou en calquera elementos existente nos parques e xardíns.

c).—Instalar calquera tipo de modalidades publicitaria nos parques. Nas restantes zonas verdes soamente se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.

d).—Realizar nos seus recintos calquera clase de trabajos de reparación de automóveis, albanería, xardinería, electricidade, etc., e de se tratar de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios, requerirase a preceptiva autorización do Concello.

#### Capítulo V.—Vehículos nas Zonas Verdes

#### Artigo 26.

a).—Bicicletas:

Os nenos de ata dez anos poderán circular en bicicleta polos paseos interiores dos parques, sempre que a escasa afluencia de público o permita e non cause molestias os demais usuarios dos parques.

b).—Circulación de vehículos de transporte:

Non poderán circular nos parques salvo os de propiedade do Concello de Ribeira.

c).—Vehículos de elevados:

Poderán circular os que non desenvolvan unha velocidade superior ós 10 km./h.

d).—Só poderán aparcar no parque os vehículos de servicios municipais.

#### Artigo 27.

A entrada e circulación de vehículos nos parques será regulada de forma específica e concreta para cada un deles, mediante a correspondente sinalización que para tal efecto se instala nos mesmos.

#### Capítulo VI.—Protección de Mobiliario Urbano

#### Artigo 28.

a).—O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes, consistentes en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización, farois e elementos decorativos, como adornos, estatuas, etc., deberán manterse no máis axeitado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrucción serán responsables, non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente de conformidade coa falta cometida. Así mesmo, serán sancionados os que, facendo un uso indebidamente de tales elementos, prexudiquen a boa disposición e utilización dos mesmos polos usuarios de tales lugares; para este efecto, e en relación co mobiliario urbano, establecense as seguintes limitacións:

##### 1.—Bancos:

Non se permitirá o uso inadecuado dos mesmos arrinca-los bancos que estean fixos, traslada-los que non estean fixados ó chan nunha distancia superior ós dous metros, agrupar bancos de forma desordenada, realizar comidas sobre os mesmos en forma que poidan manchar os seus elementos, realizar inscripcións ou pintadas sobre eles, e calquera acto contrario á súa normal utilización ou que deteriore a súa conservación.

As persoas encargadas do cuidado dos nenos deberán evitar que estes, nos seus xogos, depositen sobre os bancos area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensuciarlos ou manchar ós usuarios dos mesmos.

##### 2.—Xogos Infantís:

A súa utilización realizarase polos nenos con idades comprendidas nos sinais para tal efecto establecidas, non permitíndose a utilización dos xogos infantís polos adultos ou por menores de idade superior á que se indique expresamente en cada sector ou xogo, así como tampouco a utilización dos xogos en forma que exista perigo para os seus usuarios, ou en forma que poidan deteriorarse ou romperse.

##### 3.—Papeleiras:

Os refugallos ou papeis deberán depositar nas papeleiras para tal fin establecidas.

Os usuarios deberán abstenerse de toda manipulación sobre as papeleiras, novelas, voltalas e arrincá-las, así como de facer inscripcións nas mesmas, adherir papeis ou outros actos que deteroren a súa presentación.

##### 4.—Fontes:

Os usuarios deberán abstenerse de realizar calquera manipulación na fonte que non sexa a propia do seu funcionamento normal, así como a práctica de xogos nas fontes de beber.

Nas fontes decorativas, chafarices, bocas de rego, etc., non se permitirá beber, utilizar-a auga das mesmas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos.

5.—Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos.

Nestes elementos de mobiliario urbano non se permitirá subirse, abanearse ou facer calquera acción ou manipulación sobre estes elementos de mobiliario urbano, así como calquera acto que ensucie, dane ou deteriore ós mesmos.

**TITULO V.—REXIME DISCIPLINARIO****Capítulo I.—Normas Xerais****Artigo 29.**

a).—Calquera persoa natural ou xurídica poderá denunciar as infracções a esta Ordenanza en relación coas zonas verdes.

b).—As denuncias, nas que se exponen os feitos considerados como presuntas infracções, darán lugar á incoación do oportuno expediente e a súa resolución, será comunicada ós denunciantes.

**Capítulo II.—Infraccóns****Artigo 30.**

a).—Califícanse de infracções administrativas, en relación co contido do presente Libro, as infracções ou omisiones que contraveñan o establecido no mesmo.

b).—As infracções clasificánsen en leves, graves e moi graves, conforme se determina nos artigos seguintes:

**Artigo 31.**

a).—Consideránsen infracções leves:

1.—As deficiencias da conservación de zonas verdes en aspectos non tipificados como infracções de maior gravedade nos apartados seguintes.

2.—A existencia de posibilidade real de aproveitar recursos propios de auga para rego sen que esta posibilidade se póna en práctica.

3.—As deficiencias en limpeza das zonas verdes.

4.—Practicar xogos e deportes en sitios e forma inadecuados.

5.—Usar indebidamente o mobiliario urbano.

b).—Califícanse de infracções graves:

1.—A reincidencia en infracções leves.

2.—A implantación de zonas verdes contravindo o disposto nos artigos 4 e 5.

3.—O gasto excesivo de auga no mantemento das zonas verdes.

4.—As deficiencias na aplicación de tratamentos sanitarios coa debida dosificación e oportunidade.

5.—Cando as plantacións que se encuentren dentro da influencia dos concesionarios de quioscos, bares, etc., presenten síntomas de que foron regadas con auga de detergentes, sal ou calquera outro producto nocivo. Se estas anomalías chegasen a produci-la morte das plantas, deberán, ademais, custear a plantación doutras iguais. A reincidencia nesta falta pode conllevar a anulación da concesión.

6.—As deficiencias na limpeza das zonas verdes cando levén a accidentes ou infeccóns.

7.—A apertura de regos contravindo o establecido no artigo 12.

8.—Destruir elementos vexetais; ou causar danos ó animais existentes nas zonas verdes ou por pastoreo non autorizado.

9.—Practicar, sen autorización, as actividades ás que se refire o artigo 22; quitando as calificadas de infracções leves.

10.—Usar bicicletas en lugares non autorizados.

11.—Causar danos ó mobiliario urbano.

12.—Deteriorar os elementos vexetais; atacar ou inquietar ós animais existentes nas zonas verdes ou abandonar nas mesmas especies animais de calquera tipo.

c).—Califícanse de infracções moi graves:

1.—A reincidencia en infracción grave.

2.—Que a acción ou omisión infractora afecte a plantacións que estivesen catalogadas como de interese público.

3.—Que o estado dos elementos vexetais supoña un perigo de propagación de pragas ou enfermidades ou entrane grave risco para as persoas.

4.—A celebración de festas, actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.

5.—Usar vehículos de motor en lugares non autorizados.

**Capítulo III.—Sancións****Artigo 32.**

a).—Sen prexuízo de esixir, cando proceda, a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infracções ós preceptos desta Ordenanza serán sancionadas da forma seguinte:

1.—As leves, con multas de 5.000 pesetas.

2.—As graves, con multas de 5.000 a 10.000 pesetas.

3.—As moi graves, con multas de 10.000 a 15.000 pesetas.

4.—Todas estas multas serán mingua das sancións superiores autorizadas legalmente pola Autoridade competente.

b) En todo caso, os danos causados nos bens de domínio público deberán resarcir axeitadamente.

c).—A conta das sancións graduarase teñido en conta a gravidade do dano realizado, a intencionalidade, a reincidencia e demás circunstancias que concorran. Referente ás árbores, valoraranse individualmente, tendo en conta a súa beleza, rareza, antigüedad, ...

d).—Entenderase que incorre en reincidencia quien fora sancionado por unha infracción ás materias deste Libro durante os doce meses anteriores".

Ribeira, 17 de xullo de 1992.—O Alcalde, asinado.

R. 9.265. P.D.-28-7-92. G.C. 24-7-92. N. 9.122.

Na sesión plenaria celebrada o día 27 de xullo en curso, prestouse aprobación ós Pregos de Condicóns Técnicas e Administrativas que rexerán o concurso para a contratación do traballo de "Execución do Inventario de Bens do Concello de Ribeira".

O que se fai público durante o prazo de oito días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se poidan presentar reclamacións.

Simultaneamente, anúnciase o concurso para a contratación dos referidos traballos, se ben a licitación se aprazará no suposto de que se formulén reclamacións contra os Pregos de Condicóns.

**Objeto.**—Os traballos de "Execución do Inventario de Bens do Concello de Ribeira", de acordo cos Pregos de Condicóns Técnicas e Administrativas nos que aparecen detalladas as condicóns a que debe axustarse a súa execución.

**Orzamento.**—Máximo de 20.000.000 de ptas., I.V.E. incluído.

**Prazo de execución.**—12 meses, contados a partir do día seguinte hábil ó da notificación da adjudicación definitiva.

**Pagamentos.**

a) O contratista terá dereito ó abonamento do importe do seu traballo en dous pagamentos.

b) Ditos pagamentos virán coas deduccións correspondentes á balxa, si se producira.

c) O primeiro pagamento efectuarase unha vez realizada a entrega dos traballos da 1.ª Fase; o importe do mesmo será o correspondente ó 60% do prezo de adjudicación.

d) O segundo pagamento efectuarase unha vez realizada a entrega dos traballos da 2.ª Fase, aboárdoase o 40% restante do prezo de adjudicación.

**Fianza definitiva.**—Será do equivalente ó 4% do importe da adjudicación definitiva.

**Proposicións.**—Presentaranse na Secretaría Xeral do

Concello, de 9 a 14 horas, durante o prazo de vinte días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As proposicións axustaranse ó seguinte modelo:

"D. ...., con domicilio en ...., e D.N.I. n.º ..., expedido en ..., en data ..., en nome propio (ou en representación de ..., como acredito por ...), ente-rado da convocatoria de concurso anunciada no Boletín Oficial da Provincia n.º ..., de data ..., tomo parte no mesmo, comprometéndome a realiza-lo traballo no prezo de .... ptas. (en letra e número), I.V.E. Incluído, de acordo co Pregos de Condicions Técnicas e Administrativas que acepto integralmente coas modificacions e melloras que se especifican en documento adxunto, facendo constar que non estou incurso nos supostos de incapacidade e incompatibilidade establecidos na Lei e Regulamento e Contratos.

(Lugar, data e sinatura)".

**Apertura de plicas.**—Terá lugar no Salón de Actos do Concello ás 12 horas do primeiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de proposicións.

**Pregos de Condicions.**—Están a disposición dos interesados na Secretaría Xeral do Concello.

Ribeira, 28 de xullo de 1992.—O Alcalde, asinado.

R. 9.460. P.D.-31-7-92. G.C. 30-7-92. N. 9.358.

### O R D E S

Don Jesús Carreira Salvadores, técnico de Gestión en funciones de Secretario del Ayuntamiento de Ordes (A Coruña).

Certifico: Que en sesión extraordinaria celebrada por el Ayuntamiento Pleno con fecha cinco de diciembre de mil novecientos noventa y uno se adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

1.—IV.—Hacienda.—2. Impuesto de Actividades Económicas.

Se da cuenta de la comunicación del Servicio de Coordinación de las Haciendas Territoriales de fecha 17 de octubre de 1991 en relación con la entrada en vigor el 1-1-1992 del Impuesto sobre Actividades Económicas. Asimismo se informa de la reunión celebrada en el Pazo de Mariñán a la que ha asistido el primer teniente de Alcalde acompañado del Secretario-Interventor en relación con esta materia.

Del estudio de los antecedentes resulta que si la Corporación no gestiona directamente el Impuesto y lo encomienda a la Administración Tributaria del Estado no podrá establecer índices de situación y las cuotas de tarifa se reducirán automáticamente a la mitad por aplicación del Índice 0,5, conforme al artículo 89 de la Ley de Haciendas Locales. Sin embargo, conforme al artículo 7 de la citada Ley, el Ayuntamiento puede hacer uso del mecanismo de delegación de competencias lo que si es compatible con el establecimiento de índices de situación.

Por ello, el Gobierno propone la solución de la competencia y simultánea delegación a la Diputación Provincial de la gestión del Impuesto.

En consecuencia, la Corporación por unanimidad de los catorce concejales asistentes, de los diecisésis que componen la Corporación, acordó:

1.—Delegación de competencias.

Primer.—Adhesión.

Este Ayuntamiento acepta el marco de prestación delegada de servicios de gestión tributaria, incluida la recaudatoria, creado por la Excma. Diputación Provincial por sus acuerdos plenarios en la materia, y acepta, en consecuencia, el contenido de todos los instrumentos jurídicos que regirán dicha prestación.

Segundo.—Delegación de competencias en materia recaudatoria.

De conformidad con lo previsto en el artículo 106.3 de la Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local y con lo establecido en el artículo 7 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales, se delegan expresamente en la Excma. Diputación Provincial de A Coruña las facultades que atribuye a este Ayuntamiento la Legislación vigente en la materia, particularmente el art. 106.3 citado. El contenido de esta delegación es el siguiente:

a) Actos de gestión recaudatoria en las vías voluntaria y de apremio para hacer efectivas toda clase de deudas liquidadas por los siguientes tributos:

1.—Impuesto sobre bienes inmuebles o por sus antecesores las antiguas Contribuciones Territoriales (rústica y pecuaria y urbana).

2.—Impuesto sobre actividades económicas o por sus antecesores las Licencias Fiscales de Actividades Comerciales e Industriales y de Actividades profesionales y de Artistas.

3.—Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica.

4.—Tasas y precios públicos de cobro periódico anual que se recaudan mediante padrón.

b) Actos de gestión recaudatoria en vía de apremio para hacer efectivas las liquidaciones no periódicas correspondientes a las deudas liquidadas por el Ayuntamiento, no ingresadas en período voluntario por los obligados al pago, correspondientes a todos los recursos municipales susceptibles de ser hechos efectivos en esta vía de apremio.

c) Actos de gestión recaudatoria singulares: Expressamente se delega en la Diputación Provincial el ejercicio de las competencias siguientes:

1.—Fijación de fechas límite para la confección de padrones y para la notificación de la deuda.

2.—Determinación de los períodos de cobranza en voluntaria.

3.—Notificación colectiva con arreglo al art. 124-3 de la Ley 230/1963, de 28 de diciembre, General Tributaria.

4.—Publicación de anuncios de cobranza, con fijación de itinerarios cuando proceda.

5.—Expedición de certificaciones de descubierto y su providenciación de apremio y resolución de los recursos contra estos actos administrativos.

6.—Conferir y revocar a las Entidades de depósito y ahorro el carácter de Entidades colaboradoras y establecer las condiciones de su colaboración.

7.—Liquidación y tramitación de deudas por intereses de demora.

8.—Tramitación y resolución de reclamaciones en vía administrativa previa de la acción de tercera ante Juzgados y Tribunales civiles entabladas por contribuyentes e interponer las de dominio y mejor derecho que procedan.

9.—Autorizar subastas y constituir mesas y presidir las mismas.

10.—Dictar acuerdos de derivación de responsabilidad y procedimiento.

11.—Acordar la suspensión del procedimiento de apremio.

12.—La realización de cualesquiera otras actuaciones de carácter recaudatorio precisas en los procedimientos de voluntaria y ejecutiva establecidos y que sean de competencia municipal.

Tercero.—Delegación de competencias en materia de gestión tributaria.

Con el mismo fundamento se confiere delegación a favor de la Excma. Diputación Provincial de A Coruña para que por sus Organos se puedan ejercitar válidamente las siguientes funciones desde la entrada en vigor del Convenio que se firme al efecto, o, en su caso, desde las fechas que se indican: